



reinicio
LABORATORIO



FUNDACIÓN
LUIS SEOANE



Laboratorio Reinicio é unha actividade da Fundación Luis Seoane inspirada na práctica da reconstrución da identidade a través de ferramentas como o arquivo comunitario construído a partir dos arquivos persoais, o coñecemento histórico e a xestión emocional da memoria.

A praxe de Luis Seoane a través das súas iniciativas en aras á divulgación da cultura galega do século XX é a guía principal para este proxecto en proceso aberto, vinculado, especialmente aos colectivos migrantes e á práctica de políticas de xénero, pero aberto a todos os participantes que desexen intervir neste tipo de proxectos.

Nesta nova edición de Laboratorio Reinicio abordaremos os seguintes ámbitos:

1.- Ámbito do autorretrato ritual

Todas cargamos con documentos e obxectos fruto dos inicios e reinicios da vida que configuran un retrato documental e obxectual de nós, máis aínda cando estamos inmersas en migracións afectivas e xeográficas.

O Laboratorio pretende que recompilemos documentos administrativos, obxectos, etc, que configuren altares/autorretrato da nosa realidade.

2.- Ámbito da decolonización doméstica

A decolonización aparece nestes últimos anos como tema a abordar. Quizais a dimensión da envergadura do seu contido nos faga esquecer os aspectos máis domésticos do termo colonial en favor dos grandes discursos sobre a colonia, o colono e o outro. Nos arquivos e acervos coloniais este problema ten unha dimensión menos conceptual e máis próxima. Os traballos que se fan neste censo teñen que ver coa descrición colaborativa de obxectos e documentos, afastada da visión única do patriarca. Este laboratorio propón examinar os nosos documentos, obxectos domésticos, etc, e describilos afastánados de visións coloniais (hoxe case turísticas) para construír unha constelación colectiva que describa eses ítems lonxe dos tópicos.

3.- Ámbito dos afectos domésticos migrantes

Entre o ser humano, os outros humanos e os non humanos que os rodean, compónse unha comunidade de memorias e afectos. Estes últimos son relevantes máis aínda cando a migración está presente. O laboratorio trata de explorar ese mundo de afectos que a miúdo obviáanse nun sistema dominado por un neopositivismo, que deixa ao marxe algo tan fundamental para a construción do eu e prefiere un mar de burocracia.

A intención é realizar descrición amateur deses afecto-obxectos sempre colectivas a afastadas de individualismos.

Metodoloxía.

O Laboratorio realizarase de xeito dual:

- Todos os mércores de 17 a 18.30 de xeito online a través de Zoom
- Unha sesión de traballo con artistas convidados unha vez ao mes
- Desde o 1 de xuño ao 26 de outubro
- Exposición de fin de proxectos

